FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**<u>Número 25 - Ano 2023</u>**

# ACTA

**da sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, celebrada pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo o día**

**<u>13 de xuño de 2023</u>**

Sendo ás nove horas e catro minutos do día trece de xuño de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa en funcións, D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense, por medios telemáticos, os seguintes concelleiros e concelleiras en funcións: Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana; Ilma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos; Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cohesión Territorial e a Ilma. Sra. D.ª MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza, co fin de celebrar sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, segundo a correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Xunta de Goberno Local está formada por oito membros de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste a Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada en funcións da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social

Dá fe do acto o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, en substitución do Vicesecretario accidental e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.

Aberto o acto pola presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/339 **RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.-** Vistas as propostas

da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: economía e Recursos Humanos de data 12 de xuño de 2023, do seguinte teor:

No Servizo de Contratación e Patrimonio están tramitándose os seguintes expedientes:

**-CONTRATACIÓN DA REPRESENTACIÓN DO CIRCO ROMANO EN ARDE LUCUS 2023. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. EXPTE REF. 2023/C005/000005.**

**-CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIMEN DE ALUGUEIRO PARA A INSTALACIÓN DUN CAMPAMENTO ROMANO E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA FESTAS DO ARDE LUCUS 2023 NA PRAZA MAIOR. EXP. REF. 2023/C004/000010. ADXUDICACIÓN**

**- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO GRUPO CÉLTICA EN ARDE LUCUS 2023. 2023/C005/000004. ADXUDICACIÓN**

**-CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA SAÍDA DE DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO, REDE DE DISTRIBUCIÓN, BILLA "*GRIFO*" DO USUARIO, FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECEMENTO, ASÍ COMO CONTROL SANITARIO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. EXP. REF. 2019-074. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE 26.06.2023 A 25.06.24 E MODIFICACIÓN IMPREVISTA. (TECOL: 2022/C003/000013)**

**-CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PEDAGÓXICO DE APOIO Á CONCILIACION “APRENDE XOGANDO” DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE - SERVIZO DE IGUALDADE) EXPTE REF. 2023/C003/000011. DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO POR ERRO NA CONFECCIÓN DO ESTUDO DE CUSTOS.**

**- CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE. REF. 2023/C003/000015. ADXUDICACIÓN DO LOTE 1: DESBROCE EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA NORTE E ESTE.**

Os tres primeiros asuntos corresponden a expedientes de contratación para a celebración do ARDE LUCUS que terá lugar os días 23 e 24 de xuño de 2023 polo que é urxente a tramitación e adxudicación dos ditos contratos antes da celebración do evento.

O contrato do servizo de control de calidade da auga de consumo humano remata o vindeiro 26 de xuño de 2023 polo que procede a aprobación da prórroga antes do



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

seu vencemento así como a modificación por causas imprevistas para facer fronte de modo inmediato ás novas esixencias normativas en materia de control da calidade da auga.

O expediente de contratación para a execución do programa "Aprende xogando" está en licitación pero detectouse un erro no estudo de custos polo que procede a desistencia do procedemento e aviso inmediato aos interesados antes de que remate o prazo de licitación así como nova licitación preva corrección dos erros advertidos.

Finalmente e no que se refire ao servizo de desbroce de pistas na zona rural do Lote 1, tratase dun servizo esencial para garantir a seguridade vial e que debe realizarse na temporada de verán entre os meses de xuño a setembro do ano 2023 polo que é preciso acelerar a adxudicación tendo en conta ademais que ten recurso especial en matria de contratación con plazo legal de espera antes da formalización do contrato.

Neste momento, e tralas eleccións do 28 de maio de 2023, o goberno municipal está en funcións estando prevista a constitución da Corporación Local o vindeiro 17 de xuño. Deste modo, o mércores dia 14 de xuño unicamente poderá reunirse a Xunta de Goberno Local para a aprobación da acta da última sesión celebrada.

Por outra banda, unha vez constituída a Corporación e no prazo máximo de 30 días, deberán nombrarse os/as Tententes de Alcalde e os membros da Xunta de Goberno Local, que é o órgano municipal que ten atribuídas as competencias en materia de contratación.

Estas circunstancias impiden a tramitación e conclusión dos expedientes de contratación indicados ata o momento de constitución e inicio de funcionamento da Xunta de Goberno Local polo que é necesaria a celebración dunha xuntanza extraordinaria para tratar os ditos asuntos que, por outra banda, se consideran teñen cabida dentro da administración ordinaria dun goberno en funcións.

Tendo en conta o artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico deas Entidades Locais que establece:

*"1. Las sesiones de la Comisión de Gobierno se ajustarán a lo establecido en el capítulo primero de este título, con las modificaciones siguientes:*

*a) Entre la convocatoria y la celebración de la sesión no podrán transcurrir menos de veinticuatro horas, salvo en el caso de las sesiones extraordinarias y urgentes en las que, antes de entrar a conocer los asuntos incluidos en el orden del día, deberá ser declarada la urgencia por acuerdo favorable de la mayoría de los miembros."*

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Na súa consecuencia, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**UNICO.-** Declarar a urxencia da celebración de sesión extraordinaria urxente o 13 de xuño de 2023 para o debate, e aprobación, se procede , dos asuntos arriba relacionados.

No Servizo de Fomento está a tramitarse o seguinte expediente:

**ASUNTO: CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DO ”CIRCO ROMANO, ELECTRICIDADE, TEATRO E SEGURIDADE NO ARDE LUCUS 2023”.** [APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA EN DATA 4 DE MAIO DE 2023].

Neste momento, e tralas eleccións do 28 de maio de 2023, o goberno municipal está en funcións estando prevista a constitución da Corporación Local o vindeiro 17 de xuño. Deste modo, o mércores dia 14 de xuño unicamente poderá reunirse a Xunta de Goberno Local para a aprobación da acta da última sesión celebrada.

Por outra banda, unha vez constituída a Corporación e no prazo máximo de 30 días, deberán nombrarse os/as Tententes de Alcalde e os membros da Xunta de Goberno Local, que é o órgano municipal que ten atribuídas as competencias en materia de contratación.

Estas circunstancias impiden a tramitación e conclusión do expediente de Fomento indicado ata o momento de constitución e inicio de funcionamento da Xunta de Goberno Local polo que é necesaria a celebración dunha xuntanza extraordinaria para tratar os ditos asuntos que, por outra banda, se consideran teñen cabida dentro da administración ordinaria dun goberno en funcións.

Tendo en conta o artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico deas Entidades Locais que establece:

*“1. Las sesiones de la Comisión de Gobierno se ajustarán a lo establecido en el capítulo primero de este título, con las modificaciones siguientes:*

*a) Entre la convocatoria y la celebración de la sesión no podrán transcurrir menos de veinticuatro horas, salvo en el caso de las sesiones extraordinarias y urgentes en las que, antes de entrar a conocer los asuntos incluidos en el orden del día,*

*deberá ser declarada la urgencia por acuerdo favorable de la mayoría de los miembros."*

Na súa consecuencia, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**UNICO.-** Declarar a urxencia da celebración de sesión extraordinaria urxente o 13 de xuño de 2023 para o debate, e aprobación, se procede, do asunto arriba relacionado."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base nas propostas dos referidos servizos e por unanimidade dos seguintes asistentes en funcións: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA** ratificar a urxencia da convocatoria da sesión.

**<u>ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS</u>**

**FOMENTO**

2/340 **APROBACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DO CIRCO ROMANO, ELECTRICIDADE, TEATRO E SEGURIDADE NO ARDE LUCUS 2023.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Sección de Fomento, do 8 de xuño de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**<u>“Antecedentes de Feito</u>**

**PRIMEIRO.-** Texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento do "CIRCO ROMANO, ELECTRICIDADE, TEATRO E SEGURIDADE NO ARDE LUCUS 2023”, aprobado por resolución da Presidencia do organismo provincial de data 04.05.2023.

**SEGUNDO.-** Informe de memoria xustificativa emitido pola Xefa de Sección de Xuventude, e conformado polo Concelleiro delegado de Xuventude e Deportes, de data 18.05.2023, do seguinte teor literal:

*“**1**. **A necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo neste momento.***

*O Concello de Lugo no ámbito das suas competencias está a impulsar a promoción da cultura e os equipamentos culturais,a promoción da actividade turística así como a promoción do municipio e a súa dinamización da cidade*

*O Concello de Lugo dende o Servizo de Xuventude está a organizar a XXII edición da festa de recreación histórica Arde Lucus, declarada de interese turístico nacional no ano 2017. Arde lucus recrea o pasado romano/castrexo e conxuga cultura e ocio, convertindose nun referente a nivel nacional como festa de recreación histórica e como o demostra a gran repercusión mediática e a afluencia de público.*
*Visto o interese da entidade Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I por colaborar co Concello de Lugo no desenrolo da XXII edición da festa que se desenrolará dende o 22 o 25 de xuño, integrarase como colaborador, non exclusivo, de dito evento para unha mellor eficiencia da xestión pública e a oferta cultural municipal, acreditando razóns de interese económico e social e perseguindo un mismo fin común de difusión da festa e da cidade.*

***2. Ámbito competencial, a competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública e dos suxeitos de dereito público ou privado cos que se subscribe o convenio.***

*O art. 25 da lei 7/85 reguladora de bases de réxime local, establece que "o municipio , para a xestión dos seus intereses e no ámbito da súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal nos termos previstos neste artigo". Así mesmo establece que " o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias : (...)m) Promoción de la cultura y equipamientos culturales (...) h) Información e promoción da actividade turística de interés e ámbito local*

***3. O seu impacto económico cuantificado asi como o correspondente documento contable, de se-lo caso.***

*Deberá informarse en relación aos fondos comprometidos en virtude do devandito convenio debendo:*
*O Concello de Lugo como organizador da festa comprométese a atender, en xeral, todas as necesidades pra o desenrolo do evento, nos días anteriores, durante o mesmo e as relacionadas coa finalización do mesmo.*
*A achega financieira que se compromete a realizar a entidade 100.000€ non son superiores aos gastos derivados da execución do contrato*
*A entidade Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I financia, mediante a entrega da cantidade 100.000€ os gastos executados e asumidos polo Concello na celebración do arde lucus.*
*A firma do convenio supón unha carga económica para o Concello de Lugo por importe de 17.965,73€ e non ten carácter contractual nin existe contraprestación económica entre as partes.*

***4. A xustificación do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.***

*O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/E e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014.*

***5.- Cumprimento da Lei.***

*O presente convenio cumple cos requisitos esixidos pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, contemplados nos artigos 47 e seguintes."*

**TERCEIRO.-** Consta Decreto núm. 4694/2023 do día 19.05.2023 de aprobación da modificación de crédito, mediante a modalidade de Xeración de crédito (Expdte XC 15/2023), relativo ao compromiso firme de aportación por parte da Deputación, para cooperar nos gastos derivados do circo romano, electricidade, teatro e seguridade no Arde Lucus 2023, procedéndose a xerar crédito por importe de 72.000,00 €, en cando que constan nas previsións iniciais de ingreso do Orzamento Xeral Municipal (concepto 46100, o importe de 28.000,00 €, correspondentes á previsión de aportación da Excma. Deputación Provincial para as Festas do Arde Lucus 2023). Así mesmo, o Concello de Lugo achega a cantidade de 17.965,73 € con cargo aos recursos propios ordinarios do vixente Orzamento municipal, e constan, segundo o mencionado decreto, os mandamentos contables RC 13106/2023, 32151/2023, 15043/2023, 30343/2023, 30352/2023 e 30346/2023.



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CUARTO.-** Informe Proposta do Servizo de Fomento, de data 23 de maio de 2023, no que se conclúe: "*vistos antecedentes e normativa a aplicar, subliñar que a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla na normativa vixente.”*

**QUINTO.-** Informe de Asesoría Xurídica emitido con data 24 de maio de 2023 no que se pon de manifesto: *“Para evitar reiteracións innecesarias emítese o presente informe para facer constar a conformidade da Asesoría Xurídica co informe proposta emitido polo Servizo Municipal de Fomento o día 23 de maio de 2023, que consta no expediente, recolle a normativa de aplicación e, a xuízo do que subscribe, resulta adecuado a Dereito en términos xerais.”*

**SEXTO.-** Informe de Intervención núm. 2023/817 de data 25.05.2023 favorable concluindo: *"PROCEDE A TRAMITACION do expediente, en base aos informes obrantes no expediente que conclúen o seu carácter favorable."*

**Lexislación Aplicable**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

**Fundamentos de Dereito**

PRIMEIRO. O artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, establece que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

SEGUNDO. O artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala que as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local, rexeranse pola lexislación básica en materia de Réxime Local.

TERCEIRO. Por outra banda, o artigo 86 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, determina que



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*"As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción, e teñan por obxecto satisfacer o interese público que ten encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevea a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou insertarse neles con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin"*.

CUARTO. Así mesmo, o artigo 57 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, poderase desenvolver, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban.

QUINTO. De igual xeito, o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concerta-los contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumpri-los a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

SEXTO. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, consonte a definición e tipos de convenios, o seu artigo 47.2 .a) establece:

"2. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dúas ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas."

Do mesmo xeito o artigo 49 desta Lei, pronúnciase sobre o "Contido dos convenios", no cal establécese que os convenios aos que se refire o apartado 1 do artigo anterior *(Artigo 48.1: As administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas o dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poda*



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*supoñer cesión da titularidade da competencia)*, deberán incluír, ao menos, as seguintes materias:
a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela ou das Universidades públicas.
c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao presuposto correspondente de acordo co previsto na lexislación presupostaria.
e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos firmantes.
g) O réxime de modificación do convenio. A falla de regulación expresa a modificación o contido do convenio requirirá acordo unánime dos firmantes.
h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:
1º. Os convenios deberán de ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior.
2º. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os firmantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción. ....”.

SÉTIMO.- O artigo 6.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, en relación aos “Convenios e encomendas de xestión” sinala expresamente os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, que estarán excluidos do ámbito da presente Lei sempre que o seu contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou nas normas administrativas especiais.

Conforme informa a Xefa de Sección de Xuventude: *"...non ten carácter contractual (...) O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público..."*

Na súa consecuencia, vistos antecedentes e normativa a aplicar, subliñar que a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla na normativa vixente.

OITAVO.- Competencia e órgano competente para a súa aprobación.



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A materia obxecto do presente convenio é de competencia municipal, en aplicación do artigo 25.2.h) ("Información y promoción de la actividad turística de interés y ámbito local"), e m) ("Promoción de la cultura y equipamientos culturales") da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno Local.

Así mesmo conforme ao establecido no réxime competencial vixente e visto o acordo 28/452 da Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día dezasete de xullo de dous mil dezanove, enténdese que corresponde a Xunta de Goberno local a competencia para a aprobación do presente convenio."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes en funcións: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o texto e proceder á sinatura do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DO "CIRCO ROMANO, ELECTRICIDADE, TEATRO E SEGURIDADE NO ARDE LUCUS 2023, sendo do seguinte teor literal:

***"CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DO "CIRCO ROMANO, ELECTRICIDADE, TEATRO E SEGURIDADE NO ARDE LUCUS 2023"***

***REUNIDOS***



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Doutra parte, dona Lara Méndez López con DNI nº: 32758242-D, Alcaldesa, que actúa en nome e representación do Concello de LUGO, con CIF P-2704100-C, con sede en Praza do Concello s/n – LUGO con acreditación suficiente para a celebración deste acto.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,*

***MANIFESTAN:***

***PRIMEIRO.****- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".*

***SEGUNDO.-*** *O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:*

*"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*

*Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".*

*Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:*

*"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:*

- *Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos*

*públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”*

***TERCEIRO.-*** *En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.*

***CUARTO.*** *Respecto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:*

- *Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
- *A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
- *O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
- *Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.*
- *Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
- *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
- *Réxime de modificación do convenio.*
- *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
  *1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
  *2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.(...)”.*



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***QUINTO.-*** *Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:*
*"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.*
*2. O seu impacto económico cuantificado.*
*3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.*
*4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"*

***SEXTO.-*** *Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".*

*Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".*

***SÉTIMO.-*** *A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.*
*O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:*
*"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)*
*2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados*
*3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)*
*6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"*
*A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.*

***OITAVO.-** Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".*
*No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).*

*Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos*



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."*

*Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.*

***NOVENO**.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.*

*A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.*

*Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.*

*A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.*

***DÉCIMO.-** Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.*

*Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).*

***DÉCIMO PRIMEIRO.-** A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.*

*Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.*

*No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).*

*En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:*

## *CLÁUSULAS*

### *PRIMEIRA.- Obxecto*

*Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:*

| *Actuación* | *CUSTO TOTAL* |
|---|---|
| *CIRCO ROMANO, ELECTRICIDADE, TEATRO E SEGURIDADE NO ARDE LUCUS 2023* | *117.965,73 € (IVE engadido)* |



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:*

| ***ACHEGA DEPUTACIÓN*** | ***ACHEGA CONCELLO*** |
|---|---|
| *100.000,00 €* | *17.965,73 €* |
| ***TOTAL: 117.965,73 €*** | |

*As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.*

*Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.*

***SEGUNDA.- Ámbito territorial***

*O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Lugo.*

***TERCEIRA.- Obrigas e compromisos das partes.***

*3.1. Deputación Provincial de Lugo*

*En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:*

*1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (100.000,00 €)*
*2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.*
*3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.*

*3.2. O Concello de Lugo:*

*En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lugo comprométese ao seguinte:*

1. *Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 17.965,73€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.*

2. *Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
3. *Executar a actividade no ano 2023.*
4. *Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.*
5. *Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.*
6. *Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.*
7. *Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.*
8. *Aportar os terreos precisos, tramitar, obter e sufragar as autorizacións, licenzas e permisos que sexan necesarias para a execución das actuacións indicadas, así como outorgar as autorizacións e licenzas que sexan de competencia municipal.*

***CUARTA.- Réxime económico.***

A. ***ACHEGAS:***

***1.- Achega da Deputación:***

*A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 100.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira-*

***2.-Achega do Concello:***

*O Concello de Lugo aportará para a execución do convenio o financiamento de 17.965,73€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.*

B. ***TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN***:

*O concello de Lugo e a Deputación de Lugo serán os titulares do resultado da cooperación.*

B. ***XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.***



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*O prazo inicialmente previsto para que o concello de Lugo aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*

- *Memoria de actuacións das actividades realizadas.*
- *Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:*

  *1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.*
  *2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.*
  *3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.*

- *Declaración responsable emitida polo representante do concello de Lugo, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo*
- *Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.*
- *Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.*
- *Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Lugo non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.*
- *Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Lugo, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.*

- *Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.*

*Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.*

***QUINTA.- Duración do convenio interadministrativo.***

*A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.*
*A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

***SEXTA.- Modificación.***

*A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.*
*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.*

***SÉTIMA .- Extinción e efectos.***

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.*

*Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.*

*O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).*

***OITAVA.- Comisión de Seguimento.***

*Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.*

*Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.*

*O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.*

*Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:*

*a. Velar polo cumprimento deste convenio.*
*b. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.*
*c. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.*
*d. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.*
*e. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.*

*Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.*

***NOVENA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.***

*Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Lugo incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.*

*De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello de Lugo deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.*

*Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.*

*A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.*

***DÉCIMA.- Protección de datos***

*O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD*

***DÉCIMO PRIMEIRA.- Carácter do convenio de cooperación.***

*O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:*
*(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".*

*As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.*

*Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.*

*E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario que dou fe.*

| | |
|---|---|
| *O PRESIDENTE,* | *A ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO,* |
| *Asinado: José Tomé Roca* | *Asinado: Lara Méndez Lòpez* |

*O SECRETARIO XERAL,*

*Asinado: José Antonio Mourelle Cillero"*

SEGUNDO.- Corresponde á unidade xestora velar polo cumprimento e execución do obxecto do convenio e da programación das actividades que consta no expediente, así como realizar as oportunas licitacións vinculadas á súa execución.



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRO.- Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno.

CUARTO.- Notifica-la presente resolución ás partes interesadas indicando que pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación ante o Xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, modificada pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Malia o anterior, no caso de interposición por parte dunha Administración de recurso contencioso-administrativo contra outra e, con carácter previo e potestativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende a recepción da presente comunicación, poderá requirir á Xunta de Goberno Local para que anule ou revogue o presente acto; requirimento que se entenderá rexeitado se non se contestara dentro do mes seguinte á súa recepción. De utilizarse esta vía, o prazo de DOUS MESES para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

## CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3/341 **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA SAÍDA DE DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO, REDE DE DISTRIBUCIÓN, BILLA "GRIFO" DO USUARIO, FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECEMENTO, ASÍ COMO CONTROL SANITARIO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. EXP. REF. 2019-074. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE 26.06.2023 A 25.06.24 E MODIFICACIÓN IMPREVISTA. (TECOL: 2022/C003/000013).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral, adscrita ao Servizo de Contratación e Patrimonio, do 9 de xuño de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

"Examinado o expediente de referencia e vistos:

**1º.-** Contrato asinado coa mercantil MARICIELO, S.L. con NIF **B-24082851** con data 26 de xuño de 2020, correspondente á **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA SAÍDA DE**



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO, REDE DE DISTRIBUCIÓN, BILLA "*GRIFO*" DO USUARIO, FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECEMENTO, ASÍ COMO CONTROL SANITARIO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. EXP. REF. 2019-074.**

O prezo deste contrato ascende á cantidade de

Para o **Control en depósitos.**
Prezo unitario **27,50** €/mostra
Nº analíticas 30 (18 + 12)
30 analíticas x 27,50 €/mostra................................**825,00 € (IVE non inc.)**

Para **Completos en depósitos e rede de distribución.**
Prezo unitario **290,00** €/mostra
Nº analíticas 10 (4 + 2 +4)
10 analíticas x 290,00...........................................**2.900,00 € (IVE non inc.)**

Para análises de **CONTROL + THM**
Prezo unitario **55,25** €/mostra
Nº analíticas 43
43 analíticas x 55,25 €/mostra.............................**2.375,75 € (IVE non inc.)**

Para **Control na billa "grifo" do usuario:**
Prezo unitario **19,55** €/mostra
Nº analíticas 63
63 analíticas x 19,55...............................................**1.231,65 € (IVE inc.)**

Para o **Control das fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento:**
Prezo unitario **20,35** €/fonte
Nº analíticas 75
75 fontes/trimestre x 4 trimestres x 20,35..............**6.105,00 € (IVE inc.)**

Para o **Control sanitario das piscinas:**
Prezo unitario **33** €/mostra
Nº analíticas 45
45 analíticas x 33............................................ **1.485,00 € (IVE non inc.)**

En consecuencia o custo máximo do contrato para a primeira anualidade é de 14.922,40 euros ó que sumado o IVE (21%) resulta un total de 18.056,10 euros IVE incluído.

A duración inicial do contrato será a seguinte:

| |
|---|
| **DOUS ANOS** contados a partires dende a formalización dos contratos administrativos. |

O contrato SI poderá ser obxecto de prórroga conforme o seguinte:



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| |
|---|
| Por períodos máximos anuais mais por acordo do órgano de contratación, que será obrigatoria para o contratista en caso de ser adoptado cunha antelación de dous meses á súa finalización, e sen que a duración total dos contratos, incluídas as prórrogas, poida exceder de **CATRO ANOS.** |

**2º.-** Acordo da Xunta de Goberno Local núm 6/334 de data 15 de xuño de 2022 polo que se acorda entre outros a aprobación da primeira prórroga deste contrato: *"(....) Primeiro.- Prorrogar o contrato administrativo subscrito por este Concello e a mercantíl MARICIELO, S.L. co NIF B-24082851, adxudicataria da* ***CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA SAÍDA DE DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO, REDE DE DISTRIBUCIÓN, BILLA "GRIFO" DO USUARIO, FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECEMENTO, ASÍ COMO CONTROL SANITARIO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. EXP. REF. 2019-074,*** *dende o 27-06-2022 ata o 26-06-2023*

**3º.-** Solicitude de prórroga presentada pola empresa MARICIELO, S.L. (Laboratorio Biosalud) o 27 de febreiro de 2023 na que se detalla que, ao terse producido unha modificación da normativa vixente mediante RD 3/2023 polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios de calidade da auga de consumo, control e subministro, quedou derrogado o RD 140/2023 vixente ata agora; explica que esta modificación implica un considerable aumento do número de parámetros a determinar en determinados tipos de análise o que conleva á modificación dos prezos unitarios dos análises a realizar con respecto ao momento da adxudicación do contrato.

A continuación detalla a variación dos prezos segundo a Tarifa do RD 140/2003

| PARÁMETROS | TARIFA RD 140/2003 (IVA no incluido) | TARIFA NUEVO RD (IVA no incluido) |
|---|---|---|
| AUTOCONTROL DEPÓSITO | 27,50 € | 33,40 € |
| CONTROL + TRIHALOMETANOS | 55,25 € | 61,15 € |
| COMPLETO | 290,00 € | 825,00 € |
| GRIFO | 19,55 € | 25,55 € |
| FUENTE PÚBLICA | 20,35 € | 20,35 € |
| CONTROL PISCINAS | 33,00 € | 33,00 € |

Segundo esto, a contía anual actualizada sería a seguinte:

| CONCEPTO | COSTE INDIVIDUAL (IVA no incluido) | Nº MUESTRAS | COSTE TOTAL (IVA no incluido) |
|---|---|---|---|
| AUTOCONTROL DEPÓSITO | 33,40 € | 30 | 1.002,00 € |
| CONTROL + TRIHALOMETANOS | 61,15 € | 43 | 2.629,45 € |
| COMPLETO | 825,00 € | 10 | 8.250,00 € |
| GRIFO | 25,55 € | 63 | 1.609,65 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| FUENTE PÚBLICA | 20,35 € | 300 | 6.105,00 € |
| CONTROL PISCINAS | 33,00 € | 45 | 1.485,00 € |
| TOTAL | | 21.081,10 € | |

**4º.-** Informe emitido pola responsable do contrato o 6 de marzo de 2023, favorable á prórroga e modificación do contrato solicitada, co seguinte teor literal:

"*Que por parte da técnico que suscribe, non existe impedimento algún para proceder á formalizacion da prórroga solicitada, posto que a execución dos traballos contratados estánse a desenvolver satisfactoriamente por parte da adxudicataria e non existen melloras do citado contrato.*

*Con respecto ó incremento de presuposto, xustifícase plenamente polo* ***aumento do número de parámetros a determinar debido á entrada en vigor do RD 3/2003, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios de calidade da auga de consumo, o seu control e subministro.***

*A nova normativa,* ***implica a actualización dos parámetros e valores paramétricos para cumprir coas directrices establecidas pola Directiva (UE) 2020/2184 sobre calidade da auga de consumo humano.***

*Como exemplo, nos parámetros microbiolóxicos, inclúese Lexionella spp.*

*Nos parámetros químicos regúlanse novas substancias como o Bisfenol A, clorito e clorato, e detállanse os parámetros sumatorios de substancias como os Ácidos Haloacéticos (HAH) ou as substancias PFAS, consideradas como contaminantes de preocupación emerxente na auga de consumo. Para tratar a preocupación sobre os posibles efectos de contaminante emerxentes na saúde humana, propónse un mecanismo denominado "Lista de observación", que inclúe, entre outras, algunhas substancias identificadas como disruptores endocrinos. Esta lista, que irá implementándose, contén xa, a entrada en vigor do RD: Beta estradiol, Nonifenol, Azitromicina, e Diclofecano.*

***En consecuencia, o mayor incremento de parámetros, dase nas análises completas, o que conleva un notable incremento de custo, dada a complexidade das ditas determinacións."***

**5º.-** Novo escrito da empresa de data 8 de maio de 2023 **xustificativo do incremento do custo do contrato** e no que explica con máis detalle os parámetros que a nova normativa esixe para cada tipo de analítica obxecto do contrato e que matiza o escrito anterior en relación co prezo indicado respecto á análise completa xa que o dito prezo varía para o ano 2023 e 2024. Así, resumidamente:

- **Analítica completa en depósitos e rede de distribución**:



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Engádese para o ano 2023 novos parámetros a realizar e que implican incremento do custo; e para o ano 2024 máis parámetros; o que supón que o prezo unitario da analítica completa pasa de 290,90 euros (contrato) a 575 euros para 2023 e 825 euros para 2024.

**- Análises de control:**
Engádese un novo parámetro (enterococo) o que implica que o prezo unitario pase de 27,50 euros (contrato) a 33,40 euros

- **Análise de control + trihalometanos**:
Engádese o mesmo parámetro anterior o que implica que o prezo unitario pase de 55,25 euros (contrato) a 61,15 euros

**- Control na billa “grifo" do usuario:**
Elimínase o amonio e engádese plomo; o que implica un pequeno incremento e que o prezo unitario pase de 19,55 (contrato) a 25,55 euros.

**Os prezos unitarios das fontes públicas e control de piscina non se ven afectados polo cambio normativo.**

A empresa explica que o cambio normativo implica tamén a **inclusión de novas analíticas co correspondente prezo unitario.** Así, a partir de xuño de 2023 é necesario:
- Análise de caracterización xustificando un custo de 25 euros
- Control operacional xustificando un custo de 60 euros
- Lista de observación xustificando un custo de 250 euros (**a partir do ano 2024)**

**6º.-** Informe complementario emitido pola responsable do contrato o 30 de maio de 2023, á vista da aclaración e xustificación de custos presentada pola empresa contratista, e que é do seguinte teor literal:

*“O incremento de custo é debido á entrada en vigor do RD 3/2023.*

*Vista a aclaración facilitada no correspondente informe emitido polo Laboratorio referido respecto ós novo parámetros a determinar e a súa repercusión nos precios finais de determinadas analíticas, de seguido detállase a cuantificación dos gastos para o segundo semestre de 2023 e o primeiro semestre de 2024, periodo para o cal se solicita a aprobación da segunda prórroga do vixente contrato.*

*O cálculo, non coincide co estimado polo laboratorio no seu informe, debido a que éste estableceu unha comparativa co ano 2022, partindo do mesmo nº de análises .*

*O novo RD modifica: Parámetros , frecuencias, establece novos tipos de análises.. e por outra banda, o depósito de Marcelle, leva fóra de Servizo desde 2018,polo cal durante a vixencia deste contrato, non se realizou ningunha análise no citado*

*punto, pero igualmente se inclúe no cálculo, por si en algún momento é preciso poñelo de novo en servizo.*

***Según o novo RD, o nº mínimo de analíticas a realizar anualmente no abastecemento de Lugo,en Depósitos de almacenamento, rede de distribución e grifo de usuario, en función do volumen de auga tratado e da poboación abastecida, sería:***

*ANÁLISES COMPLETAS…………………11*
*ANÁLISES DE CONTROL………………..30*
*ANÁLISES DE CONTROL + THM……….26*
*GRIFO USUARIO………………………….25*
*CONTROL OPERACIONAL………………24*
*CARACTERIZACIÓN DE AGUAS………. 4*
*LISTA DE OBSERVACIÓN……………….. 4*
*FONTES PÚBLICAS……………………...157*
*PISCINAS………………………………….41*

*Así pois, o presuposto para a realización das analíticas correspondentes o **período de xuño a Decembro de 2023, sería:***

| *Tipo análise* | *Nº análises* | *Custo unitario Euros* | *Total Euros* |
|---|---|---|---|
| *COMPLETO* | *9* | *575,00* | *5175,00* |
| *CONTROL* | *27* | *33,40* | *901,80* |
| *CONTROL + THM* | *16* | *61,15* | *978,40* |
| *BILLA USUARIO* | *5* | *25,55* | *127,50* |
| *OPERACIONAL* | *24* | *60,00* | *1440,00* |
| *CARACTERIZACIÓN* | *4* | *25,00* | *100,00* |
| *FONTES* | *86* | *20,35* | *1750,10* |
| *PISCINAS* | *30* | *33,00* | *990,00* |

***TOTAL 11462,8 EUROS***

***O presuposto para a realización das analíticas correspondentes o primeiro semestre de 2024, sería:***

| *Tipo análise* | *Nº análises* | *Custo unitario Euros* | *Total Euros* |
|---|---|---|---|
| *COMPLETO* | *5* | *825,00* | *4125,00* |
| *CONTROL* | *15* | *33,40* | *501,00* |
| *CONTROL + THM* | *13* | *61,15* | *794,95* |
| *BILLA USUARIO* | *13* | *25,55* | *332,15* |
| *OPERACIONAL* | *12* | *60,00* | *720,00* |
| *CARACTERIZACIÓN* | *2* | *25,00* | *50,00* |
| *LISTA OBSERVACIÓN* | *2* | *250,00* | *500,00* |
| *FONTES PÚBLICAS* | *78* | *20,35* | *1587,3* |
| *PISCINAS* | *20* | *33,00* | *660,00* |



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***TOTAL 9270,40 Euros"***

**7º.-** Informe de Tesourería, de data 24 de marzo de 2023, da non existencia de débedas tributarias municipais por parte da empresa MARICIELO, S.L.

**8º.-** Certificacións positivas en vigor da AEAT e da Seguridade Social enviadas por correo electrónico con data do 14 de marzo de 2023.

**9º.-** Certificación de existencia de crédito na aplicación 16100.22799 do Orzamento Municipal de 2023 por importe de 13.028,34 euros (RC 15060) para facer fronte á prórroga e modificación dos prezos dende o 26.06.2023 e ata o 31.12.2023.

**9º**.- Informe proposta do Servizo de Contratación e Patrimonio asinado con data do 31 de maio de 2023.

**10º**.- Informe favorable de Asesoría Xurídica asinado con data do 6 de xuño de 2023.

**11º**.- Informe favorable de fiscalización do Servizo de Intervención asinado con data do 8 de xuño de 2023, coa seguinte observación:

" (.../...)- O informe de prórroga favorable asinado pola responsable do Contrato o día 6 de marzo de 2023 deberá conformarse polo Delegado de Área en Funcións. (…/…)"

**12º**.- Incorporación ao expediente dod Informe de prórroga favorable asinado pola responsable do Contrato e conformado polo Delegado de Área en Funcións.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

**-** Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve a Lei 30/2007.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lle sexan de aplicación ás corporacións locais.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** Dúas cuestións procede analizar, por un lado a prórroga do contrato e por outro a procedencia ou non da súa modificación en base á existencia dun novo Real Decreto 3/2023 polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios de calidade da auga de consumo, control e subministro que derroga o RD 140/2023 vixente ata agora e ao que se refire o prego técnico que rexe o contrato.

### 1.- PRORROGA DO CONTRATO

Conforme ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público.

"*O contrato poderá **prever unha ou varias prórrogas** sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración desta, sen prexuízo das modificacións que puideran introducir de conformidade có establecido nos artigos 203 e 207 da presente Lei.*

*A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes."*

Neste sentido a cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas que rexe no contrato de referencia establece que o prazo de execución do contrato será de:

"***DOUS ANOS** contados a partires dende a formalización dos contratos administrativos.*

*O contrato **poderá ser obxecto de prórroga** conforme o seguinte: Por períodos máximos anuais mais por acordo do órgano de contratación, que será obrigatoria para o contratista en caso de ser adoptado cunha antelación de dous meses á súa finalización, e sen que a duración total dos contratos, incluídas as prórrogas, poida exceder de **CATRO ANOS."***

O contrato foi asinado o 26.06.2020 e foi obxecto dunha primeira prórroga adoptada por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 6/334 que vai dende o 15.06.22 ata o 25.06.2023 **polo é admisible unha segunda e última prórroga tal e como solicita a empresa e se informa favorablemente pola responsable do contrato.**

### 2.- MODIFICACION IMPREVISTA DO CONTRATO

O prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato non prevé ningunha circunstancia que permita a modificación prevista do contrato remitíndose na cláusula décimo quinta á normativa na materia cando sinala: "*2. Se durante o*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 203 e seguintes da LCSP."*

**O artigo 203 - Potestade de modificación do contrato - establece:**

*1. Sen prexuízo dos supostos previstos nesta lei respecto da sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos* ***só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.***

*2. Os contratos administrativos subscritos polos órganos de contratación só se poderán modificar durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:*

*a) Cando así se previse no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;*

***b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.***

*(...)*

*3. As* ***modificacións do contrato deberanse formalizar*** *conforme o disposto no artigo 153 e deberanse publicar de acordo co establecido nos artigos 207 e 63."*
Así procede analizar se existe causa que habilite á modificación imprevista do contrato, e o **artigo 205 LCSP establece**:

*"1. As* ***modificacións non previstas*** *no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior só se poderán realizar cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:*

*a) Que encontre a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no punto segundo deste artigo.*

*b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.*

*2. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre que esta cumpra todos os requisitos recollidos no punto primeiro deste artigo, son os seguintes:*



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***(...)***

*b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derive de **circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato**, sempre que se cumpran as tres condicións seguintes:*

*1.º Que a necesidade da modificación derive de **circunstancias que unha Administración dilixente non puidese prever.***

*2.º Que a modificación **non altere a natureza global do contrato.***

*3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que **non exceda,** illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, o **50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.”***

Os pregos técnicos que rexen o contrato teñen por finalidade regular a realización dos preceptivos controis da auga de consumo humano, tanto en rede de distribución como nos depósitos de almacenamento con suxeición ao **RD 140/2003 de 7 de febreiro, (modificado polo RD 902/2018) polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.**

Os pregos técnicos establecen os tipos de análises que se deben realizar en cada punto de mostreo e, en relación aos PARÁMETROS A REALIZAR para cada análise, indica:

*“(I) Os parámetros a determinar serán os **estipulados para cada tipo de análisis na lexislación vixente (RD 140/2003 modificado polo RD 902/2018 e Programa de Vixilancia Sanitaria da Xunta de Galicia)**, e os establecidos, no seu caso, pola autoridade sanitaria. O Concello de Lugo poderá, ben por iniciativa propia, por indicación da autoridade sanitaria ou por motivos de emerxencia, solicitar a inclusión de parámetros a maiores dos estipulados na normativa vixente.*

*Os puntos de toma, xa preestablecidos polo Concello, facilitaranse á adxudicataria no momento de comenzar os traballos, así como os correspondentes códigos do SINAC.*

*(II) Con respecto ó nº de análisis no grifo do usuario, o nº mínimo de determinacións que correspondería o abastecemento de Lugo, en fución da población abastecida, sería de 46. Non obstante, presupóstase un nº superior (63), debido a que, en determinadas situacións puntuais de queixas por parte de algún usuario, faise preciso realizar analíticas extraordinarias, e , posto que a adxudicataria no seu día facturará por prezos unitarios, aquelas análises que non se realicen, non se facturarán.”*

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Con posterioridade á sinatura do contrato, o 11 de xaneiro de 2023 publicouse un **novo RD 3/2023 que establece os criterios técnico-sanitarios de calidade da auga de consumo, control e subministro**, **que derroga o RD 140/2003 vixente ata agora e ao que se refire o prego técnico que rexe o contrato.**

Tal e como sinala o contratista e a responsable do contrato, este RD 3/2023 implica a actualización dos parámetros e valores paramétricos para cumprir coas directrices establecidas pola Directiva (UE) 2020/2184 sobre calidade da auga de consumo humano.

En consecuencia enténdese que existe circunstancia imprevista e sobrevida que non era previsible no momento da licitación e que non altera a natureza global do contrato.

A empresa xustifica os parámetros e análises novos que se deben realizar e o seu custo unitario e, por outra banda, a responsable do contrato explica que esta modificación tamén implica variación no número de analíticas previstas anuais; polo que se procede a súa corrección.

Á vista do cal, tendo en conta os novos prezos unitarios e o número estimado de analíticas que procede realizar, o orzamento do contrato pasa de **14.922,40 euros anuais IVE excluido a 20.733,20 euros anuais** (11.462,80 euros segundo semestre 2023 e 9.270,40 euros primeiro semestre 2024)**; cun incremento de 5.810,80 euros (38,94 %) e que non excede o 50% do prezo inicial IVE excluído.**

**Polo exposto as que subscriben entenden adecuada a dereito a modificación proposta.**

Por outra banda, o artigo 109.3 LCSP establece: "*Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. Para estes efectos, non se considerarán as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión deste, conforme o sinalado no capítulo II do título III deste libro."* ; **polo que o contratista, antes da formalización da modificación do contrato, deberá reaxustar a garantía definitiva por un importe de 296,54 euros (o 5% do incremento do prezo excluído o IVE) "**

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes en funcións: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do contrato administrativo do SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA SAÍDA DE DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO, REDE DE DISTRIBUCIÓN, BILLA “GRIFO” DO USUARIO, FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECEMENTO, ASÍ COMO CONTROL SANITARIO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. EXPDTE RF: 2019-074 de xeito que **todas as referencias do prego técnico que se refiren ao RD 140/2003 de 7 de febreiro, (modificado polo RD 902/2018) deben referirse ao RD 3/2023 que establece os criterios técnico-sanitarios de calidade da auga de consumo, control e subministro**, de modo que os parámetros a determinar serán os estipulados para cada tipo de análises na dita norma; con inclusión das novas analíticas (análise de caracterización, control operacional e lista de observación) e con variación do número estimado para cada analítica que serán as que se indica no informe da responsable do contrato e que se reproduce anteriormente.

Os prezos sen IVE como resultado da modificación son:

- Para o **Control en depósitos.**
Prezo unitario **33,40** €/mostra

- Para **Completos en depósitos e rede de distribución.**
Prezo unitario 2023:**575 €/mostra**
Prezo unitario 2024: **825 €/mostra**

- Para análises de **CONTROL + THM**
Prezo unitario **61,15** €/mostra

- Para **Control na billa “grifo" do usuario:**
Prezo unitario **25,55** €/mostra

-Para o **Control das fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento:**

Prezo unitario **20,35** €/fonte

-Para o **Control sanitario das piscinas:**
Prezo unitario **33** €/mostra

**-Análise de caracterización**
Prezo unitario 25 euros €/mostra

**-Control operacional**
Prezo unitario 60 euros

**-Lista de observación**
Prezo unitario (para 2024): 250 euros

**En consecuencia o custo máximo do contrato é de 20.733,20 euros ó que sumado o IVE (21%) - 4.353,97 euros - resulta un total de 25.087,17 euros IVE incluído.**

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 13.028,34 euros, IVE incluído con cargo á aplicación 16100.22799 do Orzamento Municipal de 2023 (RC 15060) para facer fronte á prórroga e modificación dos prezos dende o 26.06.2023 e ata o 31.12.2023. e comprometerse a habilitar crédito para o ano 2024.

TERCEIRO.- Comunicar á empresa MARICIELO, S.L., con NIF B-24082851 que no prazo máximo de 15 días hábiles se procederá á formalización do contrato modificado.

Dentro de este prazo e con carácter previo á formalización do contrato modificado , deberá **reaxustar a garantía definitiva por importe de 290,54 euros.**

*As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 108 da LCSP, esto é:*

*a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.*
*b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.*
*c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na Lei.*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***** *Para proceder ó pagamento deste importe realizarase ingreso ou transferencia bancaria nas entidades financieras e contas que a continuación se relacionan indicando claramente o concepto ( Garantía Definitiva) e o nome do procedemento de contratación e obxecto do contrato.*

*. ABanca:  ES59 2080 0101 56 3110000947*
*. LA CAIXA-CAIXABANK: ES08 2100-5850-07-0200014045*
*. BANCO SABADELL : ES35 0081-2141- 6600-0102-4611*
*. CAIXA RURAL: ES73 3070- 0001- 2560 - 7047- 3522*

*Un xustificante desta transferencia ou ingreso deberá presentarse xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo (dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.*

*No caso de que a garantía definitiva se presente aval ou seguro de caución, o orixinal destes documentos presentarase igualmente xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo ( dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.*

**AVISO:** En el caso de que la garantía definitiva se presente aval o seguro de caución, el orixinal de estos documentos se presentará **presencialmente** en las Oficinas Municipales del Servicio de Contratación (Edificio administrativo, Ronda Muralla 197 3º andar) antes del final del plazo concedido en la resolución notificada para proceder a la entrega de la documentación; siendo remitido con el resto de la documentación a través de la sede electrónica copia del dicho aval o seguro de caución, concedido en la resolución notificada para proceder a la entrega de la documentación.

**Por parte da Tesourería Municipal se indica a necesidade de que os avais e seguros de caución estean asinados de modo manuscrito polas dificultades de custodia dos documentos electrónicos nos que a impresión non ten validez e ante a posibilidade de que o avalado/asegurado inste a cancelación ante a entidade avalista/aseguradora sen coñecemento previo e autorización do Concello**

CUARTO.- Prorrogar o contrato administrativo do SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA SAÍDA DE DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO, REDE DE DISTRIBUCIÓN, BILLA "GRIFO" DO USUARIO, FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECEMENTO, ASÍ COMO CONTROL SANITARIO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICCO. EXPDTE RF: 2019-074, SEGUNDA E



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DERRADEIRA PRÓRROGA QUE vai dende o 26-06-2023 ata o 25-06-2024, en base aos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos a efectos da súa fundamentación, con estricta suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato subscrito e demais documentos contractuais.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra él caberá a interposición dos seguintes recursos:
- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

4/342 **CONTRATACIÓN DA REPRESENTACIÓN DO CIRCO ROMANO EN ARDE LUCUS 2023. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. EXPTE REF. 2023/C005/000005.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral, adscrita ao Servizo de Contratación e Patrimonio, do 9 de xuño de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

**“ANTECEDENTES**

I. Condicións técnicas elaboradas pola técnica de Xuventude coa conformidade do concelleiro delegado da área para a contratación de referencia mediante procedemento negociado sen publicidade xunto outra documentación necesaria para ao inicio de expediente remitida de seguido.

II. Certificado da Tesourería Municipal de data 23 de maio de 2023 acreditativo da existencia de RC 34250 na partida orzamentaria 33802.22609 do vixente orzamento xeral (CP 233380201 ARDE LUCUS) por importe de 34.494,07 euros

III. Certificado de cesión de dereitos de propiedade intelectual da obra titulada **GRAN CIRCUS MAXIMUS** única e exclusivamente á mercantil **ANUBIS TEMÁTICA, SL**.

IV. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá na contratación de data 24 de maio de 2023 asinado polo tecnico e correspondente informe proposta

V.- Informe de asesoría xurídica.

VI.- Aclaración da xefa de Sección de Xuventude sobre o número e duración das actuacións.

VII.- Novo prego de Claúsulas Administrativas Administrativas asinado polo técnico do Servizo de Contratación o día 6 de xuño de 2023 e o correspondente informe proposta.

VIII.- Informe proposta do Servizo de Contratación e Patrimonio asinado con data do 6 de xuño de 2023.

IX.- Informe favorable de Asesoría Xurídica asinado con data do 6 de xuño de 2023.

X.- Informe favorable de Fiscalización do Servizo de Intervención asinado con data do 7 de xuño de 2023.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 9/2017 de 9 de novembro de 2017 de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real Decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Lei 34/1988 de 11 de novembro Xeral de Publicidade.
- Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD).
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais, así coma toda a normativa e lexislación, relativos á protección de datos, que estea vixente ou entre en vigor durante a execución do contrato

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**PRIMEIRA.** O artigo 25 da LCSP (ap. 1 a) 1ª) sinala que os contratos de servizos que teñan por obxecto a creación artística e literaria e os de espectáculos terán carácter privado e o artigo 26 do mesmo texto legal establece o seu réxime xurídico, sinalando que estes contratos rexeranse en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola dita Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda en razón do suxeito ou entidade contratante. En canto ós seus efectos e extinción, rexeranse polo dereito privado.

Por outra banda, o artigo 168 da LCSP establece como un suposto para a utilización do ***procedemento negociado sen publicidade*** "*cando as obras, subministracións e servizos só podan ser encomendados a un empresario determinado por algunha das seguintes razóns: que o contrato teña por obxecto a creación ou adquisición dunha obra de arte ou representación artística única non integrante do Patrimonio Histórico Español; que non exista competencia por razóns técnicas; o que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial".* O artigo 170 recolle as especialidades da tramitación deste procedemento sen publicidade.

Á vista do informe da xefa de Sección de Xuventude de 23 de marzo de 2023 a proposta do Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes e a documentación relativa á **exclusividade** dos dereitos de propiedade intelectual de conformidade coa certificación expedida polo Rexistro Territorial da Propiedade Intelectual da Generalitat Valenciana en data 27 de marzo de 2023 a nome de Luis Manuel Leal Garzón, que, como administrador único e titular real, procede invitar exclusivamente a:

**ANUBIS TEMÁTICA, SL con CIF: B42580563**.

En base a todo o anterior proponse a utilización do procedemento negociado sen publicidade neste contrato artístico tendo en conta o sinalado no informe emitido pola unidade de Xuventude, e invitar exclusivamente á mercantíl que representa ó artista que se pretende contratar.

Por outra banda e a pesar de non ser esixible a publicidade do procedemento a efectos de concorrencia resulta axeitado para garantir a transparencia conforme o artigo 1 da Lei que se dea publicidade deste procedemento de contratación en forma regulamentaria.

**SEGUNDA.-** O prego de cláusulas administrativas elaborado para disciplinar a licitación e o contrato e que se recolle neste proposta recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto na Lei 9/2017 de Contratos do



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sector Público, agás os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

**TERCEIRA.-** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes en funcións: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación da representación do **CIRCO ROMANO** en ARDE LUCUS 2023 os días 24 e 25 de xuño de 2023 na explanada do Pabellón de Deportes durante o **ARDE LUCUS 2023.**

SEGUNDO.- Aprobar as condicións técnicas asinadas en data 23 de marzo de 2023 pola técnico de xuventude coa conformidade do concelleiro delegado da área, así como o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente polo técnico do Servizo de Contratacion o día 6 de xuño de 2023 e que se recollen en documentos aparte.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 34.494,07 euros con cargo a aplicación orzamentaria 33802.22609 do vixente Orzamento Xeral (RC 34250 e C.P. 233380201 ARDE LUCUS).

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento **negociado sen publicidade** previsto e regulado polos artigos 166 a 171 da LCSP.



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

QUINTO.- Invitar á mercantil **ANUBIS TEMÁTICA, SL** có CIF B42580563 á presentación dá documentación có contido, prazo e forma esixida nas cláusulas oitava e novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

5/343 **CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PEDAGÓXICO DE APOIO Á CONCILIACION "APRENDE XOGANDO" DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE - SERVIZO DE IGUALDADE) EXPTE REF. 2023/C003/000011. DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO POR ERRO NA CONFECCIÓN DO ESTUDO DE CUSTOS.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral, adscrita ao Servizo de Contratación e Patrimonio, do 9 de xuño de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

**"ANTECEDENTES**

1º.- Acordo número 3/305 da Xunta de Goberno Local de 26 de maio de 2023 polo que se aprobou, entre outros, a **CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PEDAGÓXICO DE APOIO Á CONCILIACION "APRENDE XOGANDO" DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE - SERVIZO DE IGUALDADE),** o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto.

2º.- Anuncio de licitación publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 5 de xuño de 2023 polo que o prazo de licitación remata o vindeiro 21 de xuño de 2023.

3º.- Pregunta presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 7 de xuño de 2023 que literalmente dí:

*"Buenos días,*

*Después de analizar su estudio económico hemos visto que se toma de referencia para calcular el presupuesto base de licitación el III Convenio colectivo marco estatal del sector ocio educativo y animación sociocultural. Grupo IV. Personal de atención directa, categoría de Monitor/a de ocio educativo e tempo libre que inclúe o salario base, 2 pagas extras e a Seguridade Social correspondente.*

*De esta forma se toma de referencia para el calculo de costes de personal la cantidad de SB anual de 14.585,37 EUROS, que está por debajo del Salario Mínimo Interprofesional que indica que el SB anual es de 15120 Euros.*

*Por otra parte, en el estudio de costes, al tratarse de un servicio plurianual, no se contemplan las correspondientes actualizaciónes de los salarios demás costes*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*directos e indirectos, existiendo un único presupuesto base de licitación para los posibles 4 años de contrato.*

*El III Convenio colectivo marco estatal del sector ocio educativo y animación sociocultural indica en sus tablas las actualizaciónes en los salarios de los trabajadores adscritos a este convenio y los artículos 100, 101 y 102 de la LCSP, indican que los precios deben ser actualizados y ajustados al mercado, con lo que necesitamos saber cómo puede la empresa cumplir la normativa laboral si no se cumple en los pliegos publicados en su oferta?*

*Muchas gracias*
*Saludos"*
4º.- Informe da xefa de sección de Control Financieiro de 9 de xuño de 2023, á vista da pregunta formulada, onde indica que o estudo de custos para a determinación do prezo de licitación foi efectuado o 28.12.2022 tendo en conta o III Convenio colectivo marco estatal del sector ocio educativo y animación sociocultural sen que nese momento se tivese aprobado o novo salario mínimo interprofesional. Posteriormente, o 17.03.2023, foi modificado o estudo para a inclusión do custo de material e efectivamente nese momento xa estaba en vigor o dito SMI que foi publicado no BOE de 15.02.2023 pero non se reflectiu no dito estudo; polo que realiza un novo estudo actualizado.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 9/2017 de 9 de novembro de 2017 de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real Decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europea e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD).



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais, así coma toda a normativa e lexislación, relativos á protección de datos, que estea vixente ou entre en vigor durante a execución do contrato.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.** Sobre a necesidade de elaborar un correcto estudo de custos e determinación do prezo do contrato a Lei de Contratos do Sector Público establece:

***"Artigo 100. Orzamento base de licitación.***
*1. Para os efectos desta lei, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que, en virtude do contrato, pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.*

*2. No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desagregarase e no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación indicaranse os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación.* ***Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución forme parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará, de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional, os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia."***

*"Artigo 101.2 Valor estimado.*
*2. No cálculo do valor estimado deberanse ter en conta, como mínimo, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos que deriven da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial…"*

*"Artigo 102. Prezo.*
*1. Os contratos do sector público terán sempre un prezo certo, que se lle aboará ao contratista en función da prestación realmente executada e de acordo co pactado. No prezo entenderase incluído o importe que se debe aboar en concepto de imposto sobre o valor engadido, que en todo caso se indicará como partida independente.*

(…)


MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*3. Os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a **correcta estimación do seu importe**, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación e a aplicación, de ser o caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados.*

*Naqueles servizos en que o custo económico principal sexan os custos laborais, deberanse considerar os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables no lugar de prestación dos servizos."*

Á vista do exposto nos antecedentes resulta que o estudo de costes elaborado para a determinación do orzamento base de licitación toma como referencia o III Convenio colectivo marco estatal del sector ocio educativo y animación sociocultural **sen que se tivese en conta a actualización do SMI** que foi publicado con posterioridade ao estudo dos costes salariais; polo que é preciso a modificación do estudo de costes para recoller a subida do SMI.

Dado que o estudo de custos debe cumprir coa legalidade vixente e ser adecuado ao mercado e á normativa laboral vixente, existe unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ao non existir unha correcta estimación do custo.

O artigo 152 da LCSP relativa á "**Decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato e desistencia do procedemento de adxudicación por parte da Administración"** establece:

*"1. No caso de que o órgano de contratación desista do procedemento de adxudicación ou decida non adxudicar ou subscribir un contrato para o cal se efectuou a correspondente convocatoria, notificarállelo aos candidatos ou licitadores, e informará tamén a Comisión Europea desta decisión cando o contrato fose anunciado no «Diario Oficial de la Unión Europea».*

*2. A decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato ou a desistencia do procedemento poderaas acordar o órgano de contratación antes da formalización. Nestes casos compensaranse os candidatos aptos para participar na licitación ou licitadores polos gastos en que incorresen na forma prevista no anuncio ou no prego ou, na súa falta, de acordo cos criterios de valoración empregados para calcular a responsabilidade patrimonial da Administración, a través dos trámites do procedemento administrativo común.*

*3. Só se poderá adoptar a decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non se poderá promover unha nova licitación do seu obxecto mentres subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión.*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***4. A desistencia do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, e deberase xustificar no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun procedemento de licitación.”***

Neste momento atópase aberto o prazo de presentación de ofertas (remata o vindeiro día 21 de xuño de 2023 e non existen licitadores concretos que presentaran oferta; polo que procede a adopción do acordo de desistencia e inmediata publicación do correspondente anuncio na plataforma de contratación do sector publico para xeral coñecemento; e posteriormente, logo de modificado o estudo de custos.

**Segundo.-** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes en funcións: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desistir do procedemento de **CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PEDAGÓXICO DE APOIO Á CONCILIACION “APRENDE XOGANDO” DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE - SERVIZO DE IGUALDADE) EXPTE REF. 2023/C003/000011** aprobado por acordo número 3/305 da Xunta de Goberno Local de 26 de maio de 2023, polos motivos expostos anteriormente e que se proceda ás modificacións oportunas aos efectos de que exista unha correcta estimación do



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

custo de contrato; tralo cal iniciarase un novo procedemento para a contratación do servizo.

SEGUNDO.- Notificarlles esta resolución a todos os interesados e dependencias municipais afectadas con inserción na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O que se lle comunica aos interesados con indicación de que contra o anuncio de licitación, os pregos de cláusulas administrativas, de prescricións técnicas, o proxecto de obra e demais documentos contractuais poderán interpoñer os seguintes recursos.

- Recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

6/344 **CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A INSTALACIÓN DUN CAMPAMENTO ROMANO E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA FESTAS DO ARDE LUCUS 2023 NA PRAZA MAIOR. EXP. REF. 2023/C004/000010. ADXUDICACIÓN.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral, adscrita ao Servizo de Contratación e Patrimonio, do 12 de xuño de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

"Examinado o expediente de referencia e vistos:
**1º.-** Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 6/196 na sesión celebrada o día 19 de abril de 2023 polo que se acorda, entre outros, a aprobación da **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIMEN DE ALUGUEIRO PARA A INSTALACIÓN DUN CAMPAMENTO ROMANO E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA A FESTA DO ARDE LUCUS 2023 NA PRAZAS MAIOR. EXP. REF. 2023/C004/000010,** a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que rexeron a súa licitación, o gasto e a súa adxudicación por procedemento aberto e tramitación ordinaria non suxeito a regulación harmonizada.
**2º.-** Publicación de anuncio de licitación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público en data do 25 de abril de 2023.
**3º.-** Listado de licitadores que presentaron oferta de forma telemática a través da plataforma de licitación electrónica do Concello de Lugo (https://lecol.lugo.gal)



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**- ASOCIACIÓN CULTURAL Y DE PROMOCIÓN TURÍSTICA COHORS III LUCENSIUM.**

**4º.-** Acta da Mesa de Contratación do día 18 de maio de 2023 na que se procede á apertura do arquivo correspondente ao DEUC así como á DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA AO DEUC, a mesma é correcta, acordando admitir á dita licitación á citada entidade. Logo acórdase proceder á apertura do arquivo relativo á PROPOSTA TÉCNICA RELATIVA aos CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR, enviándose á Sección de Xuventude para a emisión de informe técnico.

**5º.-** Acta da Mesa de Contratación do día 23 de maio de 2023 na que se procede á dar lectura ó informe técnico relativo aos criterios avaliables mediante xuízo de valor e a apertura da oferta económica e que , resumidamente e no que aquí interesa, di:

***"(.../....)***Sendo as 9:15 horas do día 23 de maio de 2023 no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (situado na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Ana I. Sáez Mancebo, Xefa do servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Lugo e actuando como vogais:

- Dona Concepción Castro-Gil Iglesias, polo Servizo de Intervención.
- Dona Carmen Flores Pardo, do Servizo de Asesoría Jurídica.
- Dona María José Pena Lage, da Sección de Xuventude deste Concello.

E actuando como Secretario, don Carlos Silva Sánchez, Técnico do Servizo de Contratación e Patrimonio.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e se procede a dar conta do informe emitido o día 18 de maio de 2023, pola Xefa de Sección de Xuventude, en relación aos **CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR,** o cal se transcribe a continuación:

*"En relación a CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS EN RÉXIME DE ALUGUER DE INSTALACIÓN DUN CAMPAMENTO ROMANO E PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA AS FESTAS DO ARDE LUCUS 2023 NA PR MAIOR ( REF 2023/C004/000010)*

*Unha vez reunida a mesa de contratación o día 18 de maio de 2023 ás 9.00 horas, dende Xuventude, emítese o seguinte informe de valoración do punto 12-2.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR: ata 41 puntos:*

*Analizada a oferta presentada por- ASOCIACIÓN CULTURAL Y DE PROMOCIÓN TURÍSTICA COHORS III LUCENSIUM resulta a seguinte puntuación:*

***- Materiales da vestimenta de acordo a recreación histórica, ata 25 puntos:***

- *lórica segmentata , realizada en acero.................................3 puntos*
  *hamata, cota de malla realizada en acero.............................3 puntos*
  *cíngulo, realizado en cuero con remaches de latón o bronce y con cinco tiras de cuero hasta la rodilla, decorados con elementos metálicos o joyas...................................................................................2 puntos*
- *casco galae, realizado en acero , remaches en latón y adornos de la época....................................................................................3 puntos*



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *signaculum, cada legionario debe llevar el signaculum con el nombre, procedencia y la cohorte a la que pertenece. Realizado en latón o bronce...................................................................................2 puntos*
- *focale, bufanda realizada en lino o algodón.......................... 2 puntos*
- *túnica, realizada en lino o algodón de color crudo................ 2 puntos*
- *caligae, realizadas en cuero, suela de madera claveteada.. ...2 puntos*
- *pilum realizada en asta de madera y hierro fino....................2 puntos*
- *escutum, de forma ovalada o tipo tonel y condecoración acorde a la época que representa que es el S.I d.c.................................................. 2 puntos*
- *gladium de 70 cm de largo la hoja, mango de hueso y el pomo en bronce o acero...................................................................................2 puntos*

*TOTAL DE PUNTOS...................................................................25*

***- Propostas de mellora na execución e desenvolvemento do contrato: ata un máximo de 16 puntos***

- *Tres desfiles máis a maiores do programa oficial. .................... 3 puntos*
- *3 testudos de, cómo mínimo, 30 persoas..................................3 puntos*

*TOTAL ..............................................................................6 PUNTOS*

***- Proposta de actividades novidosas:***

*PROPOSTA:*

- *4 novas órdenes e movementos militares para esta edición do Arde Lucus................4 puntos*

*TOTAL...............................................................................4 PUNTOS*

*- Realización de actividades divulgativas a maiores das realizadas polo Concello, de promoción e difusión, tanto a nivel local, autonómico, estatal ou internacional:*

- *Conexións en directo nas redes sociais con varias asociacións nacionáis e internacionáis de temática romana. Saguntum Augusta. (Sagunto, Comunidade Valenciana) Legio I Adivtrix. (Alba Iulia. Rumanía)..............................................................................................1 punto.*
- *Presentación nas RRSS e de xeito presencial dunha moeda conmemorativa adicada a Rómulo Augústulo (derradeiro emperador romano de occidente)............................1 punto.*
- *Presentación nas RRSS e de xeito presencial dunha spintria (Lasciva numismata. Moeda de temática sexual)...................................................................................................1 punto.*

*TOTAL .....................................................................................38 PUNTOS*

*A puntuación total acadada no criterio 12-2.2 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR é de 38 puntos."*

De seguido procédese á apertura do arquivo correspondente á oferta económica, da única entidade licitadora, ASOCIACIÓN CULTURAL Y DE PROMOCIÓN TURÍSTICA COHORS III LUCENSIUM, sendo o resultado o seguinte:

**"22.400,00.euros** máis un 0% de IVE (a Asociación está exenta do IVE), do que resulta un importe total de **22.400,00 euros (VINTE DOUS MIL CATROCENTOS EUROS)".**
Á vista do cal e dado que que non resulta necesario a elaboración dun cadro de puntuacion, a Mesa de Contratación acorda seleccionar como oferta máis vantaxosa a presentada pola entidade **ASOCIACIÓN CULTURAL Y DE PROMOCIÓN TURÍSTICA COHORS III LUCENSIUM**, con NIF nº G27362771.
**(...)"**
**6º.-** Requirimento á **ASOCIACIÓN CULTURAL Y DE PROMOCIÓN TURÍSTICA COHORS III LUCENSIUM** con data do 23 de maio de 2023 para a presentación da documentación necesaria para a adxudicación do contrato.
**7º.-** Informe favorable de tesourería municipal con data do 31 de maio de 2023 de non existencia de débedas.
**8º.-** Documentación presentada pola mercantil seleccionada en tempo e forma no Rexistro Xeral deste Concello con data do el 6 de xuño de 2023.
**9º.-** Mandamento contable de ingreso da garantía definitiva constituída mediante transferencia bancaria.
**10º**.- Informe proposta do Servizo de Contratación e Patrimonio asinado con data do 7 de xuño de 2023.
**11º.**- Informe favorable de fiscalización do Servizo de Intervención asinado con data do 10 de xuño de 2023."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo, conformada pola Ilma Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato correspondente á **CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A INSTALACIÓN DUN CAMPAMENTO ROMANO E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA FESTAS DO ARDE LUCUS 2023 NA PRAZA MAIOR. EXP. REF. 2023/C004/000010** á **ASOCIACIÓN CULTURAL Y DE PROMOCIÓN**



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**TURÍSTICA COHORS III LUCENSIUM con NIF G27362771,** por ser a mellor oferta económica consistente en:

***- Un prezo de:***
*Prezo sin IVA: 22.400,00 euros.*
*Exento de IVE.*
*Prezo total: 22.400,00 euros.*

Todo elo con cargo á aplicación orzamentaria 3380.22609 do vixente orzamento xeral. C.P 233380201 ARDE LUCUS 2023 RC 12809 e RC 14608 debendo anularse os saldos contables restantes.

TERCEIRO.- Comunicar á empresa adxudicataria que, de conformidade co artigo 153.3 da LCSP a formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de **quince días hábiles** a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación na plataforma de contratación del sector público.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución ás partes interesadas e as dependencias municipais afectadas. Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

7/345 **CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO GRUPO CÉLTICA NO ARDE LUCUS 2023. ADXUDICACIÓN. EXPTE. REF. 2023/C005/000004.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnico de Administración Xeral, adscrita ao Servizo de Contratación e Patrimonio, do 12 de xuño de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

**“ANTECEDENTES**

I. Acordo da Xunta de Goberno Local nº 10/287, do día 24 de maio de 2023, polo que se aprobou a **CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO GRUPO CÉLTICA EN ARDE LUCUS 2023. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS**

**ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, EXP. REF. 2023/C005/000004**

II.- Invitación realizada á representación do citado grupo, La Liebre Dinamización Cultural, S.L.U. o día 30 de maio de 2023, sendo presentada oferta por esta o día 2 de xuño de 2023 consistente nun prezo de 21.800 euros máis IVE- 4.578 euros, resultando un total de 26.378 euros e unha duración de 75 minutos.

III.- Informe da Xefa de Sección de Xuventude do día 7 de xuño de 2023 como resultado do proceso negociador e onde se sinala o seguinte:

*Asunto: INFORME SOBRE A ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE CELTICA-PIPES ROCK! NA PRAZA DE SANTA MARÍA O DÍA 24 DE XUÑO DE 2023 DENTRO DA CELEBRACIÓN DO ARDE LUCUS 2023.*

*María José Pena Lage, Xefa de Sección de Xuventude, con respecto á Contratación do citado concerto e no que fai referencia á documentación relativa aos aspectos a negociar (prezo e duración) para tomar parte no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do concerto, dentro das cláusulas administrativas que deben rexer o procedemento.*

*Informo*

*Que aberto o sobre ÚNICO, a proposta económica presentada para a negociación por LA LIEBRE DINAMIZACIÓN CULTURAL, S.L.U. ascende a 26.378 IVE incluído, mentres que a duración do espectáculo é de 80´.minutos.*

*Postos en contacto por e-mail (eduardo@laliebre.es) con D.Eduardo Núñez Torrón Caballero, administrador único de LA LIEBRE DINAMIZACIÓN CULTURAL, S.L.U. B27509579, persoa designada pola empresa licitadora para negociar, solicitando o axuste tanto do importe como da duración do espectáculo, presenta a seguinte mellora:*

*- Duración 100´minutos como mínimo.*

*- Prezo 26.378,00 €, IVE incluído.*

*A este respecto, considérase que a proposta presentada por LA LIEBRE DINAMIZACIÓN CULTURAL, S.L.U. mellora os termos iniciais propostos na negociación. Xúntase ao presente informe os correos electrónicos que se citan anteriormente.*

*O que se comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

IV. Informe da Tesourería Municipal de data 7 de xuño de 2023 acreditativo da non existencia de débedas de natureza tributaria da empresa La Liebre Dinamización Cultural, S.L.U.

V.- Informe proposta do Servizo de Contratación e Patrimonio asinado con data do 8 de xuño de 2023.

VI.- Informe favorable de fiscalización do Servizo de Intervención asinado con data do 9 de xuño de 2023."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo, conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma.



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
MURALLA patrimonio da humanidade

Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar a CONTRATACIÓN DO CONCERTO DO GRUPO "CÉLTICA" o día 24 de xuño de 2023, durante as festas do Arde Lucus 2023, á empresa **La Liebre Dinamización Cultural SLU, con CIF B27509579,** representante artístico en exclusiva do citado grupo musical, coas seguintes condicións:
Prezo sen IVE: 21.800 euros.
IVE (21%): 4.578 euros.
Prezo total IVE incluído: 26.378 euros.

Duración 100 minutos como mínimo.

Todo elo con cargo á aplicación orzamentaria 33802.22609 do Presuposto Municipal do exercicio 2023 ( RC 28308)

SEGUNDO.- Publicar o anuncio de adxudicación na plataforma de contratación do sector público.

TERCEIRO.- Proceder á formalización do correspondente contrato de carácter privado.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución ás partes interesadas e ás dependencias municipais afectadas. Contra dita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto.

- No obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

8/346 **CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE ROZA EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2023/C003/000015. ADXUDICACIÓN DO LOTE 1: ROZA EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA NORTE E LESTE.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral, adscrita ao Servizo de Contratación e Patrimonio, do 12 de xuño de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

**"ANTECEDENTES**

**1.-** Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 19/218, do 26 de abril de 2023, polo que se aproba a **CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE ROZA EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO**, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto de adxudicación por procedemento aberto.

**2.-** Publicación dos anuncios de licitación e pregos no perfil do contratante da Plataforma de Contratación do Sector Público o 3 de maio de 2023.

**3.-** Acta da Mesa de Contratación do 23 de maio de 2023 que, no que aquí interesa, establece:

*" (...)*

*Abre a sesión a Sra. Presidenta e se procede a dar conta que á presente licitación se presentaron as seguintes ofertas:*

*- DEFORGAL XXI, S.L, aos lotes 1 e 2*

*- T. A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L., ao lote 1.*

*A continuación dáse conta de que unha vez comprobada a documentación relativa aos arquivos correspondente ao DEUC así como á DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA AO DEUC, a mesma é correcta, acordando admitir á dita licitación ás citadas empresas.*

*De seguido procédese á apertura dos arquivos correspondentes á OFERTA ECONÓMICA, sendo o seu resultado o seguinte:*

*- DEFORGAL XXI, S.L., fai a seguinte oferta:*

*Orde de prioridade:*

*1º.- Lote 1*

*2º.- Lote 2*

*LOTE 1.- ROZA EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA NORTE E ESTE*

*- Prezo por quilómetro: 187,90 euros.*

*- IVE (21%): 39,46 euros.*

*- TOTAL: 227,36 euros, IVE incluído.*



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*LOTE 2.- ROZA EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA SUR E OESTE*
*- Prezo por quilómetro: 189,90 euros.*
*- IVE (21%): 39,88 euros.*
*- TOTAL: 229,78 euros, IVE incluído.*
*Oferta un número de tractores a maiores dos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas e coas mesmas características e requisitos establecidos para a execución do contrato que se indican a continuación e para cada lote:*
*LOTE 1.- ROZA EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA NORTE E ESTE*
*2 de tractores a maiores dos oito esixidos e coas mesmas características.*
*LOTE 2.- ROZA EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA SUR E OESTE*
*2 de tractores a maiores dos oito esixidos e coas mesmas características.*

*- T. A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L*
*Orde de prioridade:*
*1º.- Lote 1*
*LOTE 1.- ROZA EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA NORTE E ESTE*
*- Prezo por quilómetro: 195,87 euros.*
*- IVE (21%): 41,13 euros.*
*- TOTAL: 237 euros, IVE incluído.*
*Oferta un número de tractores a maiores dos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas e coas mesmas características e requisitos establecidos para a execución do contrato que se indican a continuación e para cada lote:*
*LOTE 1.- ROZA EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA NORTE E ESTE*
*2 de tractores a maiores dos oito esixidos e coas mesmas características.*
*Téndose establecido no prego de cláusulas administrativas particulares parámetros obxectivos para a determinación de ofertas anormalmente baixas conforme ao artigo 85 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, do Regulamento da Lei de Contratos, procédese a realizar as oportunas comprobacións resultando que as ofertas presentadas non están incursas en presunción de temeridade, confeccionándose o seguinte cadro de puntuacións para o LOTE 1*

| EMPRESA | OFERTA | BAIXA TEMRARIA | PUNTUACION | TRACTORES | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| T.A.ISIDRO HNOS.BLANCO TRIGO S.L. | 195,87 | N O | 30,72 | 10,00 | 40,72 |
| DEFORGAL XXI S.L. | 187,90 | N O | 90,00 | 10,00 | 100,00 |

*Así pois resulta que a empresa DEFORGAL XXI é o que obtén a máxima puntuación para o LOTE 1 e é a única licitadora que presenta oferta para o LOTE 2; deste xeito de adxudicárselle o contrato a ela incumpriríase o establecido no prego de cláusulas que establece na cláusula primeira:*
*"Establécese unha limitación no número de lotes que pode ser adxudicatario un mesmo licitador a un máximo de UN LOTE (establecéndose como excepción a esta limitación o caso de inexistencia doutros licitadores nalgún lote, para evitar que quede deserto, segundo se detallará).*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Esta limitación do número de lotes obedece - ademais do obxectivo de facilitar a participación das PYMES - á conveniencia de que existan varias empresas adxudicatarias de xeito que simultaneamente poidan realizar o servizo sen necesidade de reforzar o número de traballadores e tractores de que dispón a empresa e cumprir o prazo de 3 meses establecido"*

*A cláusula décimo segunda do PCAP establece:*
*"CRITERIOS PARA SELECCIONAR ÁS EMPRESAS NO CASO DE PRESENTAR Á MELLOR OFERTA EN MÁIS DE DOUS LOTES:*
*En relación cos criterios para seleccionar ás empresas no caso de que presenten a mellor oferta - por ter a máxima puntuación – nos dous lotes proponse unicamente o seguinte:*
*- Que se teña en conta a orde de prioridade establecida polas empresas licitadoras na súa oferta.*
*É dicir, unha vez establecidas as puntuacións de cada lote e ordenadas de maior a menor puntuación as empresas que concorren aos mesmos (despois da aplicación dos criterios de desempate fixados, se fose o caso, e as posibles exclusións por existencia de ofertas en baixa temeraria non admitidas) terase en conta en primeiro lugar a prioridade manifestada polas empresas que obtiveran a maior puntuación en cada lote, despois, de ser o caso, as das que quedaran en segunda posición, e así sucesivamente. No caso de que unha vez asignados os lotes, conforme á puntuación e prioridades sinaladas, quedara algún deserto como consecuencia da limitación do máximo de un lote por empresa, poderanse adxudicar os dous ao licitador que tivera presentado a mellor oferta a dito lote e que reúna as condicións de solvencia adecuadas."*
*En aplicación desta previsión resulta que a prioridade de DEFORGAL é ser adxudicataria do LOTE 1 para o que presenta a mellor oferta, polo que procede adxudicarlle este LOTE 1 e, como consecuencia do máximo dun lote por empresa previsto resulta que o LOTE 2 queda deserto. Porén, o prego permite a posibilidade de adxudicarlle tamén o lote 2 a DEFORGAL sempre que reúna as condicións de solvencia adecuadas.*
*Sobre esta cuestión - a solvencia adecuada - os pregos esixen aos adxudicatarios de cada lote a adscrición de OITO (8) tractores de dobre tracción e potencia non inferior a 140 CV en bo estado de conservación, dotados de máquina de brazo ou combinada brazo-terrera e elementos de sinalización e seguridade regulamentarios; así como CUATRO (4) desbrozadoras manuais; sen prexuízo da oferta de maior número de tractores, neste caso DEFORGAL oferta para cada lote 2 tractores a maiores.*
*Esto supón que, de ser adxudicatario de ámbolos dous lotes, deberá adscribir á execución dos contratos un total de 20 tractores e 8 desbrozadoras manuais (10 tractores e 4 desbrozadoras por lote) xa que a cláusula quinta establece:*
*De conformidade co artigo 76 da LCSP esíxese que os licitadores presenten dentro do sobre A e conforme o modelo do ANEXO I deste prego de cláusulas administrativas particulares un compromiso de adscribir á execución de cada lote obrigatoriamente os medios materiais esixidos nos pregos de prescricións técnicas*



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible
CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*(apartado quinto), esto é, dispoñer en activo e simultaneamente (independentemente de se unha mesma empresa é adxudicataria de dous lotes) dun mínimo para cada lote de OITO (8) tractores de dobre tracción e potencia non inferior a 140 CV en bo estado de conservación, dotados de máquina de brazo ou combinada brazo-terrera e elementos de sinalización e seguridade regulamentarios; así como CUATRO (4) desbrozadoras manuais; todo esto sen prexuízo do incremento de tractores ofertados a maiores.*
*Por todo o exposto, a Mesa de Contratación acorda seleccionar á mercantíl DEFORGAL XXL S.L. como adxudicataria do LOTE 1.*
*En relación co LOTE 2, e coa finalidade de adxudicar o contrato á dita empresa e evitar que quede deserto, e como queira que puidera acontecer que esta empresa non poda asumir a execución de ámbolos dous lotes, a Mesa acorda requirirlle para que no prazo máximo de 3 días hábiles achegue escrito no que manifeste expresamente a vontade de ser adxudicataria do dito LOTE 2 co compromiso de adscribir os medios materiais esixidos e ofertados para cada lote; en caso contrario entenderase que a empresa non ten interese en ser adxudicatario do LOTE 2; polo que se procedera a declararllo deserto.*
*Logo da presentación, no seu caso, deste compromiso, continuarse a tramitación do expediente de contratación co requirimento para a presentación da documentación necesaria para a adxudicación do LOTE 1 e, se o caso, do LOTE 2.*
***Por todo o exposto, a Mesa de Contratación acorda seleccionar á mercantíl DEFORGAL XXL S.L. como adxudicataria do LOTE 1.***
***En relación co LOTE 2**, e coa finalidade de adxudicar o contrato á dita empresa e evitar que quede deserto, e como queira que puidera acontecer que esta empresa non poda asumir a execución de ámbolos dous lotes, **a Mesa acorda requirirlle para que no prazo máximo de 3 días hábiles achegue escrito no que manifeste expresamente a vontade de ser adxudicataria do dito LOTE 2 co compromiso de adscribir os medios materiais esixidos e ofertados para cada lote; en caso contrario entenderase que a empresa non ten interese en ser adxudicatario do LOTE 2; polo que se procedera a declararllo deserto.***
*Logo da presentación, no seu caso, deste compromiso, continuarse a tramitación do expediente de contratación co requirimento para a presentación da documentación necesaria para a adxudicación do LOTE 1 e, se o caso, do LOTE 2."*
**4.-** Escrito presentado pola empresa DEFORGAL o 26 de maio de 2023 no que indica que ratifica a dispoñibilidade e adscrición de medios necesarios para a realización do LOTE 1 e que <u>RENUNCIA á posible adxudicación do LOTE 2.</u>
**5**- Requirimento efectuado á empresa DEFORGAL XXI, S.L., o día 29 de maio de 2023, de achega da documentación correspondente ao LOTE 1, sendo achegada por esta o día 6 de xuño de 2023 e correcta.
**6.-** Informe favorable da Técnica do Departamento de Medio Rural, do día 6 de xuño de 2023, en relación co compromiso de medios materiais esixidos e ofertados para a realización dos traballos
**7.-** Informe da Tesourería Municipal, do día 7 de xuño de 2023, expresivo de que a citada empresa non ten débedas de natureza tributaria con este Concello.

**8**.- Informe proposta do Servizo de Contratación e Patrimonio asinado o 7 de xuño de 2023.
**9**.- Informe favorable de fiscalización do Servizo de Intervención asinado o 12 de xuño de 2023 coa seguinte observación:
*"Constan os seguintes mandamentos contables: ARC Ref.: 32122/2023 por importe de 41.140,00 € "Lote 1 desbroce de pistas zona norte" ARC Ref.: 32123/2023 por importe de 43.560 € "Lote 2 desbroce de pistas zona Este" correspondéndose ambos co Lote 1 do contrato cuxa adxudicación se propón, debendo modificarse o erro padecido, así como anularse os saldos autorizados e retidos non dispostos, logo da aprobación polo órgano competente, polo importe de 5.124,00 €.*"

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar a CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE ROZA EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2023/C003/000015, **LOTE 1 ROZA EN PISTAS DE PARROQUIAS NA ZONA NORTE E LESTE** á empresa **DEFORGAL XXI, S.L**., NIF B27382100, no seguinte prezo:

- Prezo por quilómetro: 187,90 euros.
- IVE (21%): 39,46 euros.
- TOTAL: 227,36 euros, IVE incluído.

E demais condicións incluídas na súa oferta.

O prezo total do contrato, tendo en conta a estimación de 350 quilómetros, ascende a 65.765 euros mais o IVE (13.810,65 euros), resultando un total de 79.576 euros (importe redondeado).



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Todo iso con cargo á aplicación orzamentaria 45910.21000 do orzamento xeral 2023 ARC 32122/2023 e ARC 32123/2023 do vixente orzamento xeral, polo que se deberá proceder, de ser o caso, á anulación dos saldos de crédito e/ou das fases do gasto que puideran corresponder.
As súas características principais son:

TERCEIRA. DURACIÓN DOS CONTRATOS.
O prazo de execución do contrato será de **TRES MESES** a desenvolver entre os meses de xuño a setembro do ano 2023 fixándose o día de comezo na acta de inicio que se asine para tal efecto.

Este prazo de tres meses poderá prorrogarse os días necesarios ata o remate do mes de outubro se as circunstancias –a criterio do responsable do contrato- o aconsellaran para dar cumprimento ao contrato.

RESPONSABLE DO CONTRATO:
Serán responsables deste contrato un/ha funcionario/a do Departamento de Medio Rural deste Concello, no ámbito competencial propio da súa cualificación profesional, ou modificación acordada mediante decreto do/a Ilmo/a. Tenente Alcaldesa Delegado/a da Área correspondente á Unidade Xestora.

Unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato: será a correspondente aos códigos FACE indicados na cláusula deste prego relativa ao PAGAMENTO -DÉCIMO OITAVA- (conforme ao acordo nº 22/225 da XGL, do 20/4/2016).

PAGAMENTO:

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais unha vez efectuados os controis regulamentarios correspondentes e conformada polo responsable do contrato e mais o concelleiro delegado da área á que corresponda a unidade xestora.

**Xunto coa factura deberá presentar obrigatoriamente a relación de camiños efectivamente rozados en formato GIS (sistema de información xeográfica) vectorial.**

No caso de ser requirida a presentación de determinada documentación, conforme ao estipulado na cláusula décimo sexta, para a comprobación do cumprimento de obrigas contractuais esenciais, esta deberá ser aportada no prazo sinalado no requirimento, non entendéndose debidamente presentadas as facturas posteriores ao remate deste prazo, que por conseguinte serán devoltas sen tramitar, sen prexuízo doutras accións que poidan corresponder.

Os códigos asignados ao Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo
Órgano xestor: LA0005486. Medio rural e deportes
Unidade tramitadora: LA0005549. Reparación, conservación e mantemento de infraestructuras e bens municipais no contorno rural.

En todo caso, deberá incluírse na factura electrónica a identificación do nº de expediente de contratación**: Exp. Ref. 2023/C003/000015**

SEGUNDO.- Publicar o anuncio de adxudicación na plataforma de



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

contratación del sector público.

TERCEIRO.- Comunicar á empresa adxudicataria que, de conformidade co artigo 153.3 da LCSP **a formalización do contrato <u>non poderá efectuarse</u> antes de transcorrer quince días hábiles dende a remisión da notificación desta resolución ós licitadores, pasado o cal requirirase ó adxudicataria para a formalización nun prazo non superior a cinco días.**

Así mesmo lémbraselles que deberá de remitir antes do inicio do servizo deberán remitir ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo con carácter previo ao inicio da prestación a documentación que se sinala na cláusula 16.2 dos pregos de cláusulas administrativas relativo ao cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais así como do RD 171/2004, 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais.

CUARTO**.-** Dar traslado da presente resolución ás partes interesadas e as dependencias municipais afectadas. Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior poderase interpoñer **recurso administrativo especial en materia de contratación** ante a Xunta de Goberno Local ou ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia **(TACGAL)** con sede en Santiago de Compostela no Edificio Administrativo San Caetano, no prazo de **QUINCE DÍAS HÁBILES** contados a partir do seguinte ao día da notificación do acto impugnado, sen que proceda a interposición de recurso potestativo de reposición, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado contencioso administrativo de Lugo.

Infórmase que a web deste Tribunal é https://tacgal.xunta.gal e o enlace para a presentación do recurso especial por medios electrónicos: https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html

A interposición do recurso especial en materia de contratación suxeitarase ó disposto no artigo 44 do LCSP e presentarase no Rexistro de Entrada do Concello de Lugo ou ante o órgano administrativo competente para resolver (TACGAL) ou nos lugares indicados no artigo 51.3 da LCSP se ben deberá inmediatamente (no mesmo día da presentación neses lugares) comunicarse ao TACGal.

Terase en conta o establecido no Real Decreto 814/2015 de 11 de setembro polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa en funcións dá por rematada a sesión, sendo as nove horas e dez minutos do expresado día trece de xuño de dous vinte e tres, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, transcribirase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa en funcións, dona Lara Méndez López, e do Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde Delegado en funcións da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez. De todo o cal, eu, Concelleiro Secretario en funcións, dou fe.** ***Asinado dixitalmente.***



FIRMADO POR 48368969S-Rafael José del Barrio Berbel (FECHA: 13/06/2023) , 33839359B-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 13/06/2023) , 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 13/06/2023)
Versión imprimible

CVD: ZQzyBqqo9iFtR/cugHYd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.